

Luns, 29 de xaneiro de 2024

Núm. 20

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****LALÍN****Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA LABORAL TEMPORAL DE CARÁCTER INTERINO POR SUBSTITUCIÓN, DE DÚAS PRAZAS DE MONITOR SOCORRISTA GRUPO IV PARA O LALÍN ARENA*

*ANUNCIO CONVOCATORIA*

*CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA LABORAL TEMPORAL DE CARÁCTER INTERINO POR SUBSTITUCIÓN, DE DÚAS PRAZAS DE MONITOR SOCORRISTA GRUPO IV PARA O LALÍN ARENA NO CONCELLO DE LALÍN.*

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 22/12/2023 aprobáronse as Bases de selección para a contratación laboral temporal por substitución de IT de dúas prazas de Monitor Socorrista, Grupo IV, nas instalacións deportivas do Lalín Arena deste Concello de Lalín, durante o período de ausencia das persoas titulares de ditas prazas

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó Señor Alcalde, presentada no Rexistro Xeral do Concello ou ben na sede electrónica deste Concello (<https://lalin.sedelectronica.gal>), na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Quinta desta convocatoria, durante o prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases íntegras atópanse publicadas na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello, e na web municipal ([www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)), onde se publicarán os sucesivos anuncios desta convocatoria.

Lalín, na data da sinatura electrónica  
Alcalde do Concello de Lalín, Xosé Crespo Iglesias

